

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27016704	IES Leiras Pulpeiro	Lugo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	7
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O Decreto 156/2022 e o Decreto 157/2022 definen os obxectivos da ESO e do Bacharelato como os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

Dentro do alumnado do centro hai que distinguir entre as distintas etapas educativas tanto pola súa procedencia como polas súas características:

A) Alumnado de ESO:

Os centros educativos públicos garanten o dereito constitucional á educación da cidadanía que ten por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. O IES Leiras Pulpeiro ten como razón de ser o exercicio deste servizo público nas etapas de ensino secundario obrigatorio e nas de bacharelato ofertando as modalidades Científico-Tecnolóxica, Ciencias Sociais e Humanidades. A súa actividade dirixese fundamentalmente ao alumnado que provén dos colexios de educación infantil e primaria adscritos, CEIP Menéndez Pelayo e CEIP Casás, para o acceso á ESO e do CPI de Friol para o acceso ao bacharelato.

O noso contexto educativo presenta situacións que dificultan a culminación de determinados obxectivos atribuídos aos centros:

- O problema de absentismo escolar, que segue aparecendo con continuidade en etapas obrigatorias.
- A baixa estima e valoración que demostra unha certa parte do alumnado cara o mesmo dereito á educación, percibíndoo como unha imposición allea e non como un dereito liberador.
- O abandono temperán da escola, consecuencia das dúas situacións anteriores, polo que unha pequena parte do noso alumnado que inicia o ensino secundario no noso centro non é capaz de titular.
- A alta diversidade presente nas nosas aulas, que esixe artellar múltiples iniciativas que garantan unha correcta atención.
- A realidade socio-económica dos centros, que como se comprobou durante a etapa de ensino non-presencial orixinada pola pandemia, provocaba que unha parte significativa do noso alumnado non dispuxera na casa dos medios tecnolóxicos para un seguimento adecuado da actividade escolar.

Estes aspectos son superables coa colaboración de todos os membros que constitúen a comunidade educativa, nomeadamente do noso Claustro, conformado por un profesorado estable, experto e comprometido, responsable do bon ambiente de convivencia que se respira no noso instituto.

Concreción dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria:

Tendo en conta o estudo e as características do alumnado e do entorno permiten destacar unha serie de aspectos que se deben ter presentes na adecuación dos obxectivos e que leva a elixir como prioritarios os seguintes:

- É un obxectivo prioritario promover a autonomía persoal e a participación na propia aprendizaxe do alumnado, de maneira que contribúa á construción da súa propia identidade.
- É un obxectivo prioritario desenvolver a autoestima no alumnado e afianzar a confianza nas súas propias posibilidades para facilitar unha madurez persoal que lle permita progresar nos estudos posteriores ou entrar na vida laboral como un cidadán útil e formado.
- Como substrato de toda a nosa actividade pedagóxica deberán estar presentes os valores da solidariedade, a tolerancia e a responsabilidade, que contribúan a unha formación no respecto ás persoas, ás súas ideas e crenzas, á formación dunha conciencia social e a saberse parte integrante dunha comunidade de cidadáns libres e iguais. Unha parte moi importante deste compromiso noso é potenciar a igualdade entre mulleres e homes e o logro das mesmas oportunidades para todos. Unha parte desta filosofía fainos apostar, na medida das nosas posibilidades, pola educación compensatoria das deficiencias sociais, familiares e culturais.
- Todas as nosas actuacións como docentes deben estar encamiñadas a fomentar a convivencia, na convicción profunda de que a democracia, como valor social, se aprende desde a infancia. A convivencia é en si mesma un desexo social porque implica que alumnos/as que proceden de situacións sociais e familiares moi distintas comparten na aula unhas mesmas vivencias baixo unhas mesmas normas. Unha parte importante dese afán de superación, que é a base mesma da educación, é o adestramento na adquisición e mellora da responsabilidade persoal, para asumir tarefas cun aumento do protagonismo de cada alumno e alumna.
- Outro dos obxectivos que nos marcamos é o de atender á diversidade que hoxe presenta o noso alumnado. Recoñecemos que esta realidade da diversidade esixe cada vez máis ao profesorado, sendo unha das demandas máis urxentes que nos fai a sociedade. O carácter integral que ha de ter o currículo da ESO, especificado en cada unha das competencias clave e elementos educativos básicos relacionados coa educación en valores (educación na non violencia, a saúde, a igualdade de entre mulleres e homes, o medio ambiente, o control do consumo, a educación viaria, a interculturalidade, etc.) leva a considerar que os obxectivos da etapa non son específicos de cada materia, senón un propósito educativo acometido desde a totalidade que, loxicamente, se irá concretando nas programacións

didácticas dos Departamentos e na actividade de cada profesor/a.

Sinálanse catro grandes ámbitos orientando os obxectivos ao logro de cada un deles:

1. A realización persoal e social e o exercicio da cidadanía activa.

1.1. Asumir e exercer responsablemente os seus deberes e dereitos no respecto aos demais, a práctica da tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitándose no diálogo, afianzando os dereitos humanos como valores dunha sociedade plural e preparándose para o exercicio da cidadanía democrática.

1.2. Valorar e respectar a diferenza de xéneros e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitando os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

1.3. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, resolvendo pacificamente os conflitos.

1.4. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

1.5. É unha prioridade potenciar actividades que fomenten e desenvolvan a convivencia e a sociabilidade, considerando que esta é unha temática transversal e unha competencia básica (competencia social e cidadá) na que están implicados todos os axentes da comunidade educativa. O centro e o entorno no que se desenvolven as actividades complementarias e extraescolares constitúen o territorio social no que primeiro hai que facer realidade os dereitos e os deberes cidadáns e practicar a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, a non discriminación e a solución non violenta e civilizada dos conflitos.

2. A adquisición dos elementos básicos da cultura nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico.

2.1 Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

2.2 Concibir o coñecemento científico como un saber integrado en distintas disciplinas, así como aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

2.3 Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e a dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

2.4 Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade para disfrutar das obras e manifestacións artísticas.

2.5 Coñecer e valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito. As programacións específicas de cada materia contribuirán no desenvolvemento do currículo ao logro dos obxectivos que son máis acordes co currículo específico.

Dedicarase especial atención á biblioteca, como centro de recursos en distintos soportes e formatos (bibliográfico, dixital, audiovisual e multimedia) para poñelos a disposición do alumnado e profesorado como fontes de información. As programacións de aula incluírán actividades que fomenten o uso de diferentes fontes de información e incorporarán metodoloxías que familiaricen ao alumnado no uso e manexo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

3. A incorporación a estudos posteriores, a inserción laboral e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente.

3.1 Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

3.2 Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

3.3 Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura, en lingua galega e en lingua castelá.

3.4 Comprender e expresarse, polo menos, nunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

4. Desenvolver e consolidar hábitos de traballo e estudo. O profesorado de todas as materias instruirán ao seu alumnado no exercicio de técnicas de estudo e traballo intelectual adecuadas aos contidos do currículo, e guiaranos na realización de traballos realizados de forma individual e en grupo.

O uso da Biblioteca para dinamizar a lectura considéranse instrumentos básicos para desenvolver e consolidar o uso correcto da lingua e para fomentar o gusto pola literatura. A metodoloxía e os procedementos de avaliación propostos nas programacións das distintas materias terán en conta o interese e o esforzo, a participación, o traballo individual e en equipo, a iniciativa, a innovación e cantas actitudes positivas axuden á capacidade de aprender a aprender.

Dadas as características do noso alumnado e tendo en conta as competencias clave que se pretende que todo o alumnado consiga ao finalizar a súa ensinanza obrigatoria formúlase como obxectivo básico formar cidadáns activos,

con sentido crítico e que manteñan a súa capacidade de aprender de maneira permanente, polo que se considera imprescindible:

a) Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais.

b) Manter unha actitude socialmente integradora, desde o respecto profundo ao fenómeno multicultural e que permita a todo o alumnado valorar a propia tradición cultural.

c) Orientar o proceso de ensinanza de cada alumno/a, apostando pola titoría como o camiño máis eficaz e o traballo en equipo do profesorado. Cada unha das materias contribuirá ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarse como consecuencia do traballo en varias materias.

B) Alumnado de Bacharelato

O noso alumnado está composto por alumnado do propio centro que obtén título de graduado en ESO e algúns alumnos e alumnas procedentes do CPI de Friol e do CPR Divino Maestro.

Ofértanse dúas modalidades de bacharelato, a Científico-Tecnolóxica e de Humanidades e Ciencias Sociais. Con respecto a esta última, a CCP ten manifestado a súa preocupación polo baixo número de alumnado matriculado na rama de Humanidades e a necesidade de contemplar unha estratexia de centro para fomentar vocacións.

De maneira xeral, pódese dicir que o alumnado de Bacharelato é heteroxéneo en canto a intereses, motivacións e nivel académico e, en xeral, o rendemento académico e satisfactorio e os índices de repetición baixos.

Concreción dos obxectivos do bacharelato:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa. Este obxectivo contribuirá a formar ao alumnado nos seus dereitos e deberes como cidadáns. Animar ao alumnado a implicarse nos procesos internos de elección democrática e noutros foros de representación colectiva. Asumir responsabilidades no funcionamento do centro.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. A aparición de conflitos en calquera tipo de relación é inevitable: a prevención e as súas posibles respostas ante a súa aparición son unha tarefa educativa para toda a comunidade escolar. O noso obxectivo será potenciar a prevención e resolución pacífica dos conflitos persoais, familiares sociais, fomentando entre alumnado a participación activa na vida do centro e colaborando no respecto ás normas e no cumprimento das mesmas, exercendo o papel de mediadores cando sexa necesario

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. É fundamental o desenvolvemento no alumnado dunha conciencia de non discriminación por razón de sexo, valorando o papel da muller na sociedade actual. Participar activamente na integración das minorías, valorando a riqueza da multiculturalidade. Hai que sinalar a responsabilidade principal que deben asumir as familias na transmisión de pautas de comportamento e valores nos seus propios fogares.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal. Fomentarase a lectura en todas as materias e potenciarase o uso da biblioteca como fonte de recursos. Animarase ao alumnado á participación nos concursos literarios, e noutras actividades complementarias que propoñen os departamentos.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá A correcta utilización da expresión oral e escrita, tanto na lingua galega como na lingua castelá é un obxectivo que atinxe a todos os departamentos, que deberán consideralo como un obxectivo prioritario e avalialo en consecuencia Impulsarase a participación do alumnado en actividades complementarias como os concursos de ortografía, literarios e de expresión oral para afianzar o dominio da lingua galega e castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. Este obxectivo implicará a adquisición de coñecementos suficientes para que o alumnado se exprese con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras, tendo en conta a importancia doutras linguas na sociedade actual, nas relacións internacionais, nos medios de comunicación, na publicidade e como un requisito importante á hora da busca de emprego. Tratarase de ensinar estas linguas tanto a nivel oral como escrito, evitando as interferencias coas linguas maternas.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación. O alumnado deberá aprender a buscar informacións de todo tipo nas fontes de información que se lle subministre, e tamén pola súa conta, utilizando todos os medios ao seu alcance: prensa, radio, televisión, bibliotecas, mensaxes publicitarios, Internet, etc.. O alumnado debe aprender a seleccionar información de forma crítica, valorando a orixe da mesma, a calidade da fonte, a súa subxectividade e a intención do emisor, polo menos, nun nivel de dificultade adecuado á idade que teñen. O alumnado debe valorar e respectar a dotación TIC das aulas de bacharelato do centro e a aula virtual do Instituto

(plataforma Moodle) como instrumento de transmisión de información e de comunicación no grupo, así como facilitador do traballo colaborativo.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social. Nunha sociedade cada vez máis individualista, cremos importante que o noso alumnado desenvolva actitudes solidarias e altruístas encamiñadas á mellora do seu entorno social e natural, polo que o centro impulsará o coñecemento e a participación do alumnado en diversas ONGs de carácter social e medioambiental así como en grupos de voluntariado. Fomentarase a participación do alumnado en viaxes de estudo ou culturais e en intercambios con outros países que favorecen e reforzan a aprendizaxe a través do programa Erasmus+.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e

valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente. O alumnado deberá apreciar a importancia da aprendizaxe da ciencia e valorar e saber recoñecer as súas achegas ao longo da historia. Deberá habituarse a utilizar nas actividades cotiás os instrumentos e recursos do método científico, valorando a súa aplicación na resolución dos problemas que se lle formulen. Igualmente o alumnado deberá comprender que a ciencia non é un saber estático, xa terminado, senón que é froito da sociedade na que se desenvolve, polo que está sometida a revisión e avance continuos. Por iso é importante que adquiran un punto de vista crítico sobre o papel da ciencia e a súa relación coa sociedade. Igualmente, o coidado do medio ambiente será obxecto de información e de respecto por toda a comunidade educativa. O coñecemento do entorno que rodea ao noso alumnado debe comezar polo seu ámbito máis próximo para ir contrastando e ampliando noutros medios físicos máis afastados.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. Este obxectivo xoga un papel fundamental na aprendizaxe e formación do noso alumnado, xa que se atopan nunha idade especialmente crítica na formación da súa personalidade adulta e na súa integración na sociedade que lles rodea. Desde esa perspectiva consideramos fundamental o traballo inicial dos titores/as, que deberán contribuír desde o principio a crear un clima confortable de integración no centro que permita ao alumnado desenvolver a personalidade con autonomía e en relación cordial cos seus compañeiros e compañeiras. O desenvolvemento da práctica docente deberá insistir na importancia da aprendizaxe do traballo colectivo, acostumando ao alumnado a compartir criterios, escoitar e valorar os dos seus compañeiros/as, saber transixir e recoñecer as opinións alleas e repartirse o traballo con criterios de eficacia e axudas aos compañeiros/as. Todos os departamentos programarán actividades de traballo en grupo, para que o alumnado comprenda que é un hábito de traballo necesario en calquera actividade humana.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. Fomentarase que o alumnado saiba valorar as distintas manifestacións artísticas tendo en conta os seus

antecedentes históricos e o contexto en que se desenvolven, a fin de que sexan capaces de formular opinións críticas propias ante calquera tipo de expresión artística, comentando non só os aspectos técnicos e conceptuais das mesmas, senón tamén os seus valores artísticos. Potenciaranse as actividades complementarias e extraescolares (teatro, actividades musicais, obradoiros, exposicións, conferencias, etc.) como fonte de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. O centro fomentará a participación nas actividades deportivas que se organizan no centro, así como en actividades que fomenten condutas e hábitos saudables. Intentarase crear nos alumnos/as hábitos de hixiene e coidado persoal. Especialmente coidarase o traballo de información e formación do alumnado para que adquira hábitos de alimentación correctos.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria Fomentarase a participación nas actividades extraescolares e complementarias que se organizan no centro sobre seguridade viaria e a implicación en proxectos interdisciplinares, así como en programas institucionais sobre este tema.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. O alumnado debe tomar conciencia do noso patrimonio histórico e cultural, non só porque axuda a comprender a nosa cultura actual, senón por ser o legado de xeracións anteriores.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O actual é o primeiro curso académico onde a LOMLOE e de aplicación en todos os niveis educativos. A concreción curricular para os distintos bloques de materias é a recollida 4 no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. No de bacharelato, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

No perfil, as competencias clave da Recomendación europea vinculáronse cos principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado e ante os que necesitará desenvolver esas mesmas 5 competencias clave.

A metodoloxía, contidos e os principios pedagóxicos contribuirán a que ao final da etapa se adquiran as seguintes competencias:

- a) Ser capaces a expresarse de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais.
- b) Ser capaces de Comprender, interpretar e valorar con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- c) Poder ler con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade.
- d) Usar eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas.
- e) Saber utilizar métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas.
- f) Ser quen de utilizar o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor.
- g) Saber emprender accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos.
- h) Ser capaces a xestionar e utilizar a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.
- i) Poder comprender os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
- j) Saber realizar autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
- k) Saber demostrar respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
- l) Ser capaces a desenvolver o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e tomar decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Con independencia do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica traballaranse en todas as materias segundo estea establecido en cada programación didáctica.

- Deberase fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación educativa de calidade en igualdade de oportunidades.

- Implantarase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Fomentarase a aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia
- Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- Incorporaranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.
- Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
- Incorporaranse elementos curriculares e promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

En calquera caso, independentemente de que poidan ser tratadas desde as distintas materias da etapa, o Plan de Acción Titorial conterá actividades para traballar varios destes contidos (uso responsable e riscos das TIC, educación viaria, acoso escolar, fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres...).

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Como se indica no noso Proxecto Educativo de Centro, o traballo basearase nunha metodoloxía activa, fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e colectivo, se converterá na base da súa formación e o capacitará para aprenderen a aprender e poderen seguir a facelo ao longo de toda a súa vida. Desenvolverase o espírito crítico, a capacidade de discusión e a vontade colectiva de transformación da realidade social. O labor educativo e disciplinario basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

Fomentarase a formación do profesorado neste tipo de metodoloxías que den resposta á atención a un alumnado cada vez máis diverso, apoiándonos na nosa Aula Virtual, unha ferramenta xa consolidada e que a través do Plan Dixital se seguirá promovendo o seu aproveitamento didáctico.

Desde o punto de vista organizativo, requirirase da administración medios para o establecemento de medidas que axudan a atenuar as altas ratios, aplicando desdobramentos, agrupamentos e apoios en aula tanto por profesorado de PT como desde os departamentos didácticos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

No exercicio da autonomía pedagóxica, o centro docente acordará os materiais curriculares que se utilizarán nos diferentes cursos da etapa.

- A edición e adopción dos materiais curriculares, incluídos, no seu caso, os libros de texto deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades do alumnado e ao currículo establecido na normativa vixente. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades e dereitos e deberes.
- Serán os Departamentos docentes quen estableza os criterios para a elección dos materiais curriculares máis adecuados para o desenvolvemento das materias da súa competencia, tendo en conta as diferenzas entre a natureza dunhas materias e outras e a heteroxeneidade das propostas editoriais.
- Uso xeralizado da Aula Virtual, como ferramenta de presentación de contidos como de comunicación co alumnado e familias, a través da progresiva incorporación de instrumentos de avaliación e do libro de cualificacións.
- Incorporación do Polo Creativo de nova creación durante o presente curso escolar.
- Difusión dos recursos do centro consolidados nos últimos anos como Radio Leiras, equipación audiovisual do Salón de Actos, aulas específicas, biblioteca, xadrez, ...

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A nosa oferta educativa vén regulada polo Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. e polo do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato.

A optatividade e autonomía do centro concrétese por cursos en :

1º da ESO

Horas de Libre Disposición: Educación Física e Bioloxía e Xeoloxía (Laboratorio)

2ª Lingua Estranxeira: Francés

Relixión: Católica e Evanxélica

Proxecto Competencial: Departamento de Música.

2º da ESO

Horas de Libre Disposición: Xeografía e Historia e Inglés

2ª Lingua Estranxeira: Francés

Relixión: Católica e Evanxélica

Proxecto Competencial: Departamento de Filosofía.

3º da ESO

Optativas: Francés, Oratoria, Cultura Financeira, Cultura Clásica, Educación Dixital

Relixión: Católica e Evanxélica

Proxecto Competencial: Departamento de Bioloxía.

4º da ESO

Optativas: Francés, Dixitalización, Música, EPVA, Tecnoloxía, FOPP, Economía, Física e Química, Bioloxía

Relixión: Católica e Evanxélica

Proxecto Competencial: Departamento de Música.

Bacharelato

Bacharelato Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e CCSS

Relixión Católica e Atención Educativa

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan. A asistencia ás actividades complementarias gratuitas é obrigatoria para o alumnado. As familias asinarán unha autorización xenérica xunto coa formalización da matrícula para aquelas que impliquen a saída do centro e non requiran transporte.

As actividades serán informadas coa suficiente antelación por medio da páxina web do centro.

Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos a ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario para o alumnado e o profesorado.

O deseño e desenvolvemento das AAEECC, que terán como obxectivo primordial a dinamización do centro, será coordinado por Vicedirección, coas achegas do claustro, en cooperación coa persoa coordinadora do equipo de biblioteca e a persoa coordinadora do equipo de dinamización lingüística.

A Vicedirección realizará a programación de AAEECC considerando as propostas dos departamentos didácticos, da ANPA e do Concello, e respectando as consideracións do Claustro e da CCP. As AAEECC contribuirán a dinamizar a vida do centro, e a fomentar a relación entre os diferentes membros da comunidade educativa, perseguindo un clima positivo de convivencia.

As actividades ofertadas polos distintos departamentos deben complementar ou servir como apoio a unha unidade didáctica ou bloque de contidos, ademais de traballar o aspecto socializador do alumnado. En consecuencia, deben ter relación directa co proxectos curricular e potenciar, na medida do posible, a transversalidade.

Debe potenciarse a participación do alumnado e deben ir precedidas e/ou seguidas de actuacións de preparación e seguemento de cara a valorar o aproveitamento da actividade por parte dos alumnos/as.

Como mínimo os docentes acompañantes serán un por cada vinte alumnos e alumnas.

O alumnado que non acuda a alguna actividade quedará atendido polos docentes que desde a xefatura de estudos se estableza.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato que promociones de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Establecen os recursos a empregar polo alumnado, o horario de atención do docente da materia e os instrumentos e datas de avaliación. De non ser unha

materia de continuidade, será responsabilidade da persoa xefa do departamento didáctico. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluirá:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa, integradora e diferenciada segundo as distintas materias.

· A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será integradora. Desde todas e cada unha das materias deberá terse en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o correspondente desenvolvemento das competencias. O carácter integrador da avaliación non debe ser incompatible co feito de que a avaliación de cada materia se realice de maneira diferenciada polo profesorado que a imparta, tendo en conta os criterios de avaliación e os indicadores de logro que permiten a valoración do grao de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe de cada materia.

· A avaliación será continua no sentido de que estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento no que se producen, analizar as causas e, deste modo, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe. Cando o proceso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

· A avaliación terá, ademais, un carácter formativo e orientador, e deberá servir de instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como os de aprendizaxe. Con este fin o profesorado avaliará, ademais das aprendizaxes do alumnado, os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, de acordo cos indicadores de logro e procedemento de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente.

· A información obtida durante o proceso de avaliación servirá de referencia para introducir modificacións nas medidas de atención adoptadas e para axustarse ás necesidades detectadas. O profesorado avaliará segundo o establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

· Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final de cada unha das materias son os criterios de avaliación e os estándares a eles asociados en cada un dos cursos así como os estándares de aprendizaxe avaliábeis da etapa, xa que aínda que estes son orientativos, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda bis da LOMLOE, son concrecións dos criterios de avaliación.

· Os referentes para a avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais que curse as ensinanzas con adaptacións significativas dos elementos do currículo, serán os criterios de avaliación e os estándares asociados a eles que figuren nas propias adaptacións curriculares.

Ao abeiro dos Decretos 156 e 157/2022 estabécense os criterios de promoción e titulación na ESO e Bacharelato

PROMOCIÓN ESO

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do anteriormente disposto, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

TITULACIÓN ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do anteriormente disposto, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

PROMOCIÓN BAC

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

TITULACIÓN BAC

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Matrícula de Honra na ESO

Ao abeiro da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022 o alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtívase unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Outogarase Matrícula de Honra seguindo a orde establecida pola nota media do/a alumno/a obtida en 4º da ESO sen contar as materias de Relixión e Proxecto Competencial.

En caso de empate, recurrirase a nota media do curso anterior, e así sucesivamente.

Matrícula de Honra en BAC

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtívase unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

Outogarase Matrícula de Honra seguindo a orde establecida pola nota media do/a alumno/a obtida en 2º de BAC sen contar a materia de Relixión.

En caso de empate, recurrirase a nota media do curso anterior, e así sucesivamente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

De forma xeral, teranse en conta as seguintes orientacións:

a) Organización, secuenciación e temporalización dos contidos do currículo e dos criterios de avaliación asociados en cada un dos cursos.

Pídese non organizar e secuenciar os contidos por un lado e os criterios de avaliación por outro, senón que os criterios de avaliación, referentes para a avaliación da aprendizaxe do alumnado, deben estar asociados aos contidos que se contemplan para a consecución das aprendizaxes definidas nos citados criterios, e unha vez organizados e secuenciados, establecer a temporalización prevista. O currículo actual non establece obxectivos para cada materia, senón obxectivos para toda a etapa.

b) Contribución da materia ao logro das competencias clave establecidas para a etapa. As competencias do currículo e nos currículos de cada unha das materias, están relacionadas as competencias cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. De acordo cos métodos pedagóxicos e de traballo que utilizemos en cada materia, concretaremos a contribución da mesma ás competencias curriculares.

c) Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da aprendizaxe do alumnado, de acordo cos criterios de avaliación da materia e coas directrices fixadas na concreción curricular. Os procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación, son ferramentas para valorar os criterios de avaliación, que son os referentes da avaliación da aprendizaxe do alumnado e establecen o que se espera que o/a alumno/a deba saber, saber facer, saber traballar, saber comprender, expresarse en público, traballar en equipo, etc., de acordo co prescrito nos correspondentes estándares dos criterios de avaliación

d) A metodoloxía, os recursos didácticos e os materiais curriculares. Neste apartado deben terse en conta as recomendacións de metodoloxía didáctica dos currículos das materias.

e) Medidas de reforzo e de atención á diversidade do alumnado, incluídas, no seu caso, as adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais ou con altas capacidades intelectuais. De acordo coas directrices e decisións referidas á atención á diversidade adoptadas polo centro inclúiranse na programación de cada materia e cada curso, aquelas medidas de carácter ordinario e/ou de carácter singular e que sexan de aplicación tendo en conta o alumnado do correspondente grupo e materia.

f) Os programas de reforzo para recuperar as aprendizaxes non adquiridas cando se promove con avaliación negativa na materia.

g) A concreción dos plans, programas e proxectos acordados e aprobados, relacionados co desenvolvemento do currículo. Concreción dos programas e proxectos aprobados, nos que o departamento estea implicado (por exemplo sección bilingüe, contrato-programa, etc.) e ademais a concreción do plan lector para a materia e curso correspondente

h) O desenvolvemento das actividades complementarias e, no seu caso, extraescolares, de acordo co establecido na programación xeral anual do centro.

i) Indicadores de logro e procedemento de avaliación da aplicación e desenvolvemento da programación docente. O

seguimento do desenvolvemento da programación docente é unha competencia de cada departamento e unha tarefa que teñen que realizar periodicamente. Na Programación debe figurar o procedemento dese seguimento e avaliación da programación docente.

Como indicadores de logro utilizaranse polo menos os seguintes:

- Resultados da avaliación do curso en cada unha das materias, por curso e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos, e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A participación do centro en proxectos, plans e programas réxese polos seguintes criterios:

- Mellorar a calidade educativa
- Fomentar o traballo en equipo do profesorado
- Potenciar a participación do alumnado nos proxectos, plans e programas do centro
- Promover a innovación no centro

Tendo en conta estes criterios o centro participa nos seguintes programas, plans e proxectos:

- Erasmus+
- Seccións Bilingües
- Plan de mellora de bibliotecas escolares
- Club de lectura
- Contrato- programa CPIInclúe
- Contrato-programa CPIInnova
- PROA+
- Plan Proxecta
- Plan de formación permanente do profesorado
- Plan Dixital
- Proxecto YAM

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A avaliación e seguimento da proposta curricular debe ser permanente e continua, e debe permitir a introdución de correccións ou modificacións para chegar a conseguir os obxectivos propostos. Circunstancias especiais poden motivar a introdución de novos obxectivos, necesarios para facer fronte ás demandas que puidesen xurdir no centro.

A avaliación realízase, principalmente, a tres niveis e temporalizada da seguinte forma:

1. Primeiro nivel: Por medio dos departamentos didácticos con periodicidade trimestral.
2. Segundo nivel: Pola comisión de coordinación pedagóxica á que se levarán as conclusións e suxestións dos departamentos didácticos.
3. Terceiro nivel: Polo consello escolar, ao finalizar o curso, partindo das conclusións observadas nos niveis anteriores e das que o mesmo contemple e determine.

Todas estas conclusións reflectiranse na memoria final do curso.

A proposta curricular do centro adecúa e concreta o currículo de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia

o) Outros apartados

1. Outros Apartados

Sen outros apartados relevantes